

CONVENIO PARA A PROTECCION DOS DIREITOS HUMANOS E AS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

Roma, 4 de Novembro de 1950.

Os governos asinantes, membros do Consello de Europa,

Considerando a Declaración Universal de Dereitos Humanos, proclamada pola Asembleia Xeral das Nacións Unidas o 10 de Decembro de 1948;

Considerando que esta declaración visa garantir o recoñecimento e a aplicación universais e efectivos dos dereitos nela enunciados;

Considerando que a finalidade do Consello de Europa é realizar unha unión mais estreita entre os seus membros e que un dos medios para atinxir este obxectivo é a protección e o desenvolvemento dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais;

Reafirmando a súa profunda adhesión a estas liberdades fundamentais que constituen os alicerces mesmos da xustiza e da paz no mundo, e cuxa preservación repousa esencialmente, dunha parte nun rexime político verdadeiramente democrático e, doutra, nunha concepción e un respecto comun dos dereitos que eles invocan;

Resolvidos, en tanto que Governos de Estados europeos animados dun mesmo espírito e compartillando un patrimonio comun de ideais e de tradicións políticas, de respecto à liberdade e de proeminencia do Dereito, a tomaren as primeiras medidas adecuadas para asegurar a garantía colectiva dalguns dos dereitos enunciados na Declaración Universal,

Acordaron no seguinte:

ARTIGO 1. RECOÑECIMENTO DOS DIREITOS HUMANOS.

As Altas Partes Contratantes recoñecen a toda persoa dependente da súa xurisdición os dereitos e liberdades definidos no título 1 do presente Convénio.

DIREITOS E LIBERDADES

ARTIGO 2. DIREITO À VIDA

- 1. O dereito de toda persoa à vida é protexido por Lei. Ninguén poderá ser privado da súa vida intencionalmente, excepto en execución dunha condena que impuxer a pena capital ditada por un tribunal ao réu dun delito para o cal a lei establecer esa pena.**
- 2. A morte non se considerará inflicida por infracción do presente artigo cando se producir como consecuencia dun recurso à forza absolutamente necesario:**
 - a) En defensa dunha persoa contra unha agresión ilexítima;**
 - b) Para deter unha persoa conforme a dereito ou para impedir a evasión dun preso ou detido legalmente;**
 - c) Para reprimir, conforme à lei, unha revolta ou insurrección.**

ARTIGO 3. PROIBICIÓN DA TORTURA

Ninguén poderá ser submetido a tortura nen a penas ou tratamentos desumanos ou degradantes.

ARTIGO 4. PROIBICIÓN DA ESCRAVATURA E DO TRABALLO FORZADO

- 1. Ninguén poderá ser submetido a escravatura ou servidume.**
- 2. Ninguén poderá ser constrañido a realizar un traballo forzado ou obrigatorio.**
- 3. Non se considera “traballo forzado ou obrigatorio” no sentido do presente artigo:**
 - a) Todo traballo esixido normalmente a unha persoa privada de liberdade nas condicións previstas polo Artigo 5 do presente Convénio ou durante a súa liberdade condicional.**
 - b) Todo servizo de carácter militar ou, no caso de obxectores de conciencia nos países en que a obxección de conciencia for recoñecida como lexítima, calquer outro servizo substitutivo do servizo militar obrigatorio.**
 - c) Todo servizo esixido cando algunha emerxencia ou calamidade ameazaren a vida ou o benestar da comunidade.**
 - d) Todo traballo ou servizo que forme parte das obrigacións cívicas normais.**

ARTIGO 5. DIREITO À LIBERDADE E À SEGURANZA.

- 1. Toda persoa ten dereito à liberdade e à seguranza. Ninguén pode ser privado da súa liberdade, a non ser nos casos seguintes e en conformidade con o procedemento establecido por Lei:**
 - a) Se for penada legalmente en virtude dunha sentenza ditada por un tribunal competente.**
 - b) Se for detida preventivamente ou internada, conforme a dereito, por desobediencia a unha orde xudicial ou para garantir o cumprimento dunha obrigaion establecida por Lei.**
 - c) Se for detida preventivamente ou internada, conforme a dereito, para facela comparecer perante a autoridade xudicial competente, cando existiren indicios racionais de ter cometido unha infracion ou cando se estimar preciso para a impedir de cometer unha infracion ou fuxir despois de a ter cometido.**
 - d) Se se tratar do internamento dun menor en virtude dunha orde legalmente acordada con o fin de vivir a súa educacion, ou da súa detencion, conforme a dereito, con o fin de o facer comparecer perante a autoridade competente.**
 - e) Se se tratar do internamento, conforme a dereito, dunha persoa susceptivel de propagar unha doenza contaxiosa, dunha persoa alienada, alcoolica, toxicomana ou vagabunda.**
 - f) Se se tratar da detencion preventiva ou do internamento, conforme a dereito, dunha persoa para a impedir de entrar ilegalmente no territorio ou contra a cal estiver en curso procedemento de expulsion ou extradicion.**
- 2. Toda persoa detida preventivamente debe ser informada, no mais breve prazo e nunha lingua que comprenda, dos motivos da súa detencion e de calquer acusacion formulada contra ela.**
- 3. Toda persoa detida preventivamente ou internada nas condicions previstas no paragrafo 1.c) do presente artigo debera ser conducida sen demora a presenza dun xuíz ou doutra autoridade habilitada pola lei para exercer poderes xudiciais e tera dereito a ser xulgada nun prazo razoavel ou a ser posta en liberdade durante o procedemento. A posta en liberdade pode ser condicionada a unha garantia que asegure a comparencia da persoa interesada en xuízo.**
- 4. Toda persoa privada de liberdade mediante detencion preventiva ou internamento tera dereito a apresentar recurso perante un orgao xudicial,**

a fin de este se pronunciar en breve prazo sobre a legalidade da súa privación de liberdade e ordenar a súa posta en liberdade se for ilegal.

5. Toda persoa vítima dunha detención preventiva ou dun internamento en condicións contrárias às disposicións deste artigo terá dereito a unha reparación.

ARTIGO 6. DIREITO A UN PROCESO EQUITATIVO

1. Toda persoa ten dereito a que a súa causa sexa ouvida equitativa e públicamente nun prazo razoábel por un tribunal independente e imparcial, establecido por Lei, que decidirá os litixios sobre os seus dereitos e obrigacións de carácter civil ou sobre o fundamento de calquer acusación en materia penal dirixida contra ela. A sentenza debe ser pronunciada publicamente, mais o aceso à sala de audiencia pode ser prohibido à prensa e ao público durante a totalidade ou parte do proceso en interese da moralidade, da orde pública ou da seguranza nacional nunha sociedade democrática, cando os intereses dos menores ou a protección da vida privada das partes no proceso así o esixiren ou na medida considerada necesaria polo tribunal cando en circunstancias especiais a publicidade puder ser prexudicial para os intereses da xustiza.
2. Toda persoa acusada dunha infracción é presumida inocente até a súa culpabilidade ter sido legalmente declarada.
3. Toda persoa acusada ten, como mínimo, os seguintes dereitos:
 - a) A ser informada no mais breve prazo, nun lingua que comprenda e pormenorizadamente, da natureza e da casua da acusación formulada contra ela.
 - b) A dispor do tempo e das facilidades necesarias para a preparación da súa defensa.
 - c) A defender-se por si propia ou a ser asistida por un defensor da súa elección, e se non tiver medios para o pagar, a ser asistida gratuitamente por un advogado de oficio cando os intereses da xustiza o esixiren.
 - d) A interrogar ou facer interrogar as testemuñas que declaren contra ela e a seren citadas e interrogadas as testemuñas que declaren no seu favor nas mesmas condicións que as testemuñas que o fixeran na súa contra.
 - e) A ser asistida gratuitamente por un intérprete se non comprender ou falar a lingua empregada na audiencia.

ARTIGO 7. NON HAI PENA SEN LEI.

- 1. Ninguén poderá ser condenado por unha acción ou unha omisión que, no momento de ter sido cometida non constituise infracción segundo o dereito nacional ou internacional. Igualmente non poderá ser imposta unha pena mais grave que a aplicábel no momento en que a infracción fose cometida.**
- 2. O presente artigo non impedirá o xuízo e o castigo dunha persoa culpábel dunha acción ou dunha omisión que, no momento da súa comisión, constitua delito segundo os principios xerais do dereito recoñecidos polas nacións civilizadas.**

ARTIGO 8. DIREITO AO RESPEITO À VIDA PRIVADA E FAMILIAR.

- 1. Toda persoa ten dereito ao respecto da súa vida privada e familiar, do seu domicilio e da súa correspondencia.**
- 2. Non poderá haber inxerencia da autoridade pública no exercicio deste dereito, a non ser no caso de esa inxerencia estar prevista por lei e constituir unha medida que, nunha sociedade democrática, sexa necesaria para a seguranza nacional, a seguranza pública, o benestar económico do país, a defensa da orde e a prevención do delito, a protección da saúde ou da moral ou a protección dos dereitos e liberdades dos outros.**

ARTIGO 9. LIBERDADE DE PENSAMENTO, DE CONSCIÊNCIA E DE RELIXIÓN.

- 1. Toda persoa ten dereito à liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, este dereito implica a liberdade de mudar de relixión ou de conviccións, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas conviccións individual ou colectivamente, en público ou en privado, por meio do culto, o ensino, as prácticas e a observancia dos ritos.**
- 2. A liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas conviccións non pode ser obxecto de mais restricións que as que, previstas por lei, constitúen medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguranza pública, a protección da orde, da saúde ou da moral públicas, ou a protección dos dereitos e liberdades dos outros.**

ARTIGO 10. LIBERDADE DE EXPRESIÓN.

- 1. Toda persoa ten dereito à liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou de comunicar informacións ou ideas, sen que poda haber inxerencia de autoridades públicas e sen consideración de fronteiras. O presente artigo non impede os**

Estados de submeteren as empresas de rádio-difusión, de cinematografía ou de televisión a un rexime de autorización prévia.

- 2. O exercicio destas liberdades, que entrañan deberes e responsabilidades, poderá ser submetido a certas formalidades, condicións, restricións ou sancións previstas por lei, que constituíren medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguranza nacional, a integridade territorial ou a seguranza pública, a defensa da orde e a prevención do delito, a protección da saúde ou da moral, a protección da reputación ou dos dereitos alleos, para impedir a divulgación de informacións confidenciais ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudiciário.**

ARTIGO 11. LIBERDADE DE REUNIÓN E DE ASOCIACIÓN.

- 1. Toda persoa ten dereito à liberdade de reunión pacífica e à liberdade de asociación, incluído o dereito de fundar con outras sindicatos e de aderir aos mesmos para a defensa dos seus intereses.**
- 2. O exercicio destes dereitos non poderá ser obxecto doutras restricións que aquelas que, previstas por Lei, constituíren medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguranza nacional , a seguranza pública, a defensa da orde e a prevención do delito, a protección da saúde ou da moral, ou a protección dos dereitos e liberdades das outras persoas. O presente artigo non proíbe que se impongan restricións lexítimas ao exercicio destes dereitos para os membros das Forzas Armadas, da Policía ou da Administración do Estado.**

ARTIGO 12. DIREITO A CONTRAIR MATRIMÓNIO.

A partir da idade núbil, o home e a muller teñen dereito a casar e a fundar unha familia segundo as leis nacionais que rexeren o exercicio deste dereito.

ARTIGO 13. DIREITO A UN RECURSO EFECTIVO.

Toda persoa cuxos dereitos e liberdades recoñecidos no presente Convénio tiveren sido violados ten dereito à concesión dun recurso efectivo perante unha instancia nacional, inclusive no caso de a violación ter sido cometida por persoas que actuen no exercicio das suas funcións oficiais.

ARTIGO 14. PROIBICIÓN DE DISCRIMINACIÓN.

O goce dos dereitos e liberdades recoñecidos no presente Convénio há de ser garantido sen distinción algunha, nomeadamente por razóns de sexo, raza, cor, lingua, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, fortuna, nascimento ou calquer outra situación.

ARTIGO 15. DERROGACIÓN EN CASO DE ESTADO DE URXÉNCIA.

- 1. En caso de guerra ou doutro perigo público que ameazar a vida da nación, calquer Alta Parte Contratante poderá tomar medidas que derroguen as obrigacións previstas no presente Convénio na medida estrita en que o esixir a situación, e no suposto de esas medidas non estaren en contradición con as outras obrigacións que decorren do dereito internacional.**
- 2. A disposición precedente non autoriza nengunha derrogación ao Artigo 2, a non ser para o caso de mortes resultantes de actos ilícitos de guerra, e aos Artigos 3, 4 (parágrafo 1) e 7.**
- 3. Toda Alta Parte Contratante que exercer este dereito de derrogación deberá ter plenamente informado o Secretário Xeral do Consello de Europa das medidas tomadas e dos motivos que as inspiraron. Deverá así mesmo informar o Secretário Xeral do Consello de Europa da data en que esas medidas deixasen de estar en vigor e as disposicións do Convénio teñan recuperado outra vez plena aplicación.**

ARTIGO 16. RESTRICIÓN À ACTIVIDADE POLÍTICA DOS ESTRANXEIROS.

Nengunha das disposicións dos Artigos 10, 11 e 14 poderá ser interpretada no sentido de prohibir as Altas Partes Contratantes impor restricións à actividade política dos estranxeiros.

ARTIGO 17. PROIBICIÓN DO ABUSO DE DIREITO

Nengunha das disposicións do presente convénio poderá ser interpretada no sentido de implicar para un Estado, grupo ou individuo, o dereito de dedicar-se a unha actividade ou de realizar un acto tendente à destrución dos dereitos ou liberdades recoñecidos no presente convénio ou a limitacións máis amplas destes dereitos ou liberdades que as previstas no mesmo.

ARTIGO 18. LIMITACIÓN DA APLICACIÓN DAS RESTRICIÓN DE DIREITOS

As restricións que, nos termos do presente convénio, se impuxeren aos citados dereitos e liberdades non poderán ser aplicadas máis que con a finalidade para a cal foran previstas.

TÍTULO II

TRIBUNAL EUROPEU DE DIREITOS HUMANOS

ARTIGO 19. INSTITUICIÓN DO TRIBUNAL

Con o fin de garantir o respeito dos compromisos que resultan para as Altas Partes Contratantes do presente Convénio e os seus Protocolos, instituíse un Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, doravante denominado “o Tribunal”. Funcionará de maneira permanente.

ARTIGO 20. NÚMERO DE XUÍCES

O Tribunal estará composto dun número de Xuíces igual ao das Altas Partes Contratantes.

ARTIGO 21. CONDICIÓNS DE EXERCÍCIO DAS SUAS FUNCIONS

- 1. Os xuíces deberán gozar da mais alta consideración moral e reunir as condicións requiridas para o exercicio de altas funcións xudiciais ou seren xurisconsultos de recoñecida competencia.**
- 2. Os Xuíces formarán parte do Tribunal a título individual.**
- 3. Durante o seu mandato, os Xuíces non poderán exercer ningunha actividade que sexa incompatible con as esixencias da súa independencia, imparcialidade ou dispoñibilidade necesarias para unha actividade exercida a tempo completo, calquera cuestión que se suscite en torno à aplicación deste parágrafo será dirimida polo Tribunal.**

ARTIGO 22. ELEICIÓN DOS XUÍCES

- 1. Os Xuíces serán eleitos pola Asemblea Parlamentar en razón de cada Alta Parte Contratante, por maioría absoluta de votos, dunha lista de tres candidatos presentada por esa Alta Parte Contratante.**
- 2. O mesmo procedemento será seguido para completar o Tribunal no caso de adhesión de novas Altas Partes Contratantes e para cobriren as vagas.**

ARTIGO 23. DURACIÓN DO MANDATO

- 1. Os Xuíces son eleitos por un período de seis anos e poderán ser re-eleitos. Contado, no que aos xuíces designados na primeira elección di respeito, as funcións da metade deles finalizarán ao cabo de tres anos.**
- 2. Os Xuíces cuxas funcións conclúen ao termo do período inicial de tres anos serán designados por sorteo efectuado polo Secretario Xeral do Consello de Europa inmediatamente após a súa elección.**

3. **A fin de garantir, no posíbel, a renovación das funcións da metade dos Xuíces cada tres anos, a Asemblea Parlamentar poderá decidir, antes de proceder a unha elección ulterior, que un ou varios mandatos dos Xuíces que devan ser eleitos teñan unha duración diferente aos seis anos, sen que esta poda, no entanto, exceder de nove anos nen ser inferior a tres.**
4. **No caso de proceder conferir varios mandatos e de a Asemblea parlamentar facer aplicación do parágrafo precedente, o reparto de mandatos realizarase mediante sorteo efectuado polo Secretario Xeral do Consello de Europa logo após a súa elección.**
5. **O Xuiz eleito en substitución dun Xuiz cuxo mandato non tiver expirado exercerá as súas funcións até completar o mandato do seu predecesor.**
6. **O mandato dos xuíces finalizará cando estes atinxiren a idade de setenta anos.**
7. **Os Xuíces permanecerán nas súas funcións até seren substituídos. No entanto, continuarán a coñecer dos asuntos que tiveren xa asignados.**

ARTIGO 24. REVOGACIÓN

Un xuíz só poderá ser relevado das súas funcións se os outros xuíces decidiren, por maioría de dous terzos, que deixou de reunir as condicións requiridas para desempeñar esas funcións.

ARTIGO 25. SECRETARIA E REFRENDÁRIOS.

O Tribunal terá unha Secretaria cuxas funcións e organización serán establecidas no Regulamento do Tribunal. Estará asistido por refrendários.

ARTIGO 26. PLENO DO TRIBUNAL

O Tribunal, reunido en pleno

- a) **Elexerá, por un período de tres anos, o seu Presidente e un ou dous Vicepresidentes, que serán reelegíbeis;**
- b) **Constituirá Salas por un período determinado;**
- c) **Elexerá os Presidentes das Salas do Tribunal, que serán reelegíbeis;**
- d) **Aprovará o seu regulamento, e**
- e) **Elexerá o Secretario e un ou varios secretários adxuntos.**

ARTIGO 27. COMITÉS, SALAS E GRANDE SALA

- 1. Para o exame dos asuntos que lle foren submetidos, o Tribunal actuará en Comités formados por tres Xuíces ou en Salas de sete Xuíces ou nunha Grande Sala de dezasete Xuíces. As Salas do Tribunal constituirán os Comités por un período determinado.**
- 2. O Xuiz eleito en representación dun Estado parte no litixio será membro de pleno dereito da respectiva Sala e da Grande Sala; na súa ausencia, ou cando non estiver en condicións de intervir, ese Estado parte designará unha persoa para actuar de Xuiz.**
- 3. Forman tamén parte da Grande Sala o Presidente do Tribunal, os Vicepresidentes, os Presidentes das Salas e outros Xuíces designados en conformidade con o regulamento do Tribunal. Cando o asunto for deferido à Grande Sala en virtude do artigo 43, nengun Xuiz da Sala que tiver ditado a sentenza poderá actuar na mesma, con excepción do Presidente da Sala e do Xuiz que tiver intervido en representación do Estado parte interesado.**

ARTIGO 28. DECLARACIÓN DE INADMISIBILIDADE POLOS COMITÉS

Un Comité poderá, por unanimidade, declarar inadmisíbel ou eliminar da orde do día unha demanda individual apresentada en virtude do Artigo 34, cando for posíbel adoptar tal resolución sen ter de proceder a un exame complementar. A resolución será definitiva.

ARTIGO 29. RESOLUCIÓN DAS SALAS SOBRE A ADMISIBILIDADE E O FONDO DO ASUNTO

- 1. De non se ter adoptado resolución nengunha en virtude do Artigo 28, a Sala pronunciará-se sobre a admisibilidade e o fondo das demandas individuais apresentadas en virtude do Artigo 34.**
- 2. A Sala pronunciará-se sobre a admisibilidade e o fondo das demandas dos Estados presentadas en virtude do Artigo 33.**
- 3. Salvo decisión en contrario do Tribunal en casos excepcionais, a resolución acerca da admisibilidade será tomada por separado.**

ARTIGO 30. INIBICIÓN EN FAVOR DA GRANDE SALA

Se o asunto pendente perante unha Sala suscita unha cuestión grave relativa à interpretación do Convénio ou dos seus Protocolos, ou se a solución dada a unha cuestión for contraditória con unha sentenza ditada anteriormente polo Tribunal,

a Sala poderá se inibir en favor da Grande Sala, se aínda non tiver ditado sentenza, a non ser que unha das partes se opuxer a iso.

ARTIGO 31. ATRIBUCIÓNS DA GRANDE SALA

A Grande Sala:

- a) Pronunciará-se sobre as demandas presentadas en virtude do Artigo 33 ou do Artigo 34, cando o asunto lle tiver sido elevado pola Sala en virtude do Artigo 30 ou cando o asunto lle tiver sido deferido en virtude do Artigo 43.
- b) Examinará as solicitudes de emisión de opinións consultivas presentadas en virtude do Artigo 47.

ARTIGO 32. COMPETENCIA DO TRIBUNAL

1. A competencia do Tribunal estende-se a todos os asuntos relativos à interpretación e a aplicación do Convénio e dos seus Protocolos que lle foren submetidos nas condicións previstas polos artigos 33, 34 e 47.
2. En caso de impugnación da competencia do Tribunal, este decidirá sobre a mesma.

ARTIGO 33. ASUNTOS ENTRE ESTADOS

Toda Alta Parte Contratante poderá submeter ao Tribunal calquer incumprimento do disposto no Convénio e os seus Protocolos que, ao seu xuízo, puder ser imputado a outra Alta Parte Contratante.

ARTIGO 34. DEMANDAS INDIVIDUAIS

O Tribunal poderá coñecer dunha demanda presentada por calquer persoa física, organización non governamental ou grupo de particulares que se consideraran vítima dunha violación, por unha das Altas Partes Contratantes, dos dereitos recoñecidos no Convénio ou os seus Protocolos. As Altas Partes Contratantes comprometen-se a non pór obstáculo algun ao exercicio eficaz deste dereito.

ARTIGO 35. CONDICIÓNS DE ADMISIBILIDADE

- 1) Ao Tribunal só poderá recorrer-se despois de se teren esgotado as vías de recurso internas, tal como se entende segundo os principios de dereito internacional xeralmente recoñecidos e no prazo de seis meses a partir da data da resolución interna definitiva.
- 2) O Tribunal non admitirá nengunha demanda individual presentada en aplicación do Artigo 34, cando:

- a) for anónima, ou
 - b) for esencialmente a mesma que unha demanda xa examinada anteriormente polo Tribunal ou xa submetida a outra instancia internacional de investigación ou arranxo, e non contiver feitos novos.
- 3) O Tribunal considerará inadmisíbel calquer demanda individual presentada en aplicación do Artigo 34 cando a estimar incompatible con as disposicións do Convénio ou dos seus Protocolos, manifestamente mal fundada ou abusiva.
- 4) O Tribunal rexeitará calquer demanda que considerar inadmisíbel en aplicación do presente artigo. Poderá decidir actuar así en calquer fase do procedemento.

ARTIGO 36. INTERVENCIÓN DE TERCEIROS

1. En calquer asunto que se suscite perante unha Sala ou perante a Grande Sala, a Alta Parte Contratante cuxo nacional for demandante terá dereito a presentar observacións por escrito e a participar na vista.
2. En interese da boa administración da xustiza, o Presidente do Tribunal poderá convidar calquer Alta Parte Contratante que non for parte no asunto ou calquer persoa interesada distinta do demandante a presentar observacións por escrito ou a participar na vista.

ARTIGO 37. CANCELACIÓN

1. En calquer momento do procedemento, o Tribunal poderá decidir cancelar unha demanda do rexisto de entrada cando as circunstancias permitiren comprobar:
 - a) Que o demandante xa non está disposto a manté-la;
 - b) Que o litixio xa ficou resolvido, ou
 - c) Que, por calquer outro motivo verificado polo Tribunal, xa non está xustificada a prosecución do exame da demanda.
2. No entanto, o Tribunal proseguirá o exame da demanda se así o esixir o respecto dos dereitos humanos garantidos polo Convénio e os seus protocolos.
3. O Tribunal poderá decidir que torne a se inscrever no rexisto de entrada o procedemento cando estimar que as circunstancias así o xustifican.

ARTIGO 38. EXAME CONTRADITÓRIO DO ASUNTO E PROCEDIMENTO DE ACORDO AMIGÁVEL

1. Se o Tribunal declarar admisíbel unha demanda:

- a. Procederá ao exame contraditorio do caso con os representantes das partes e, se proceder, a unha indagación, para cuxa eficaz realización os Estados interesados proporcionarán todas as facilidades necesarias.
- b. Porá-se ao dispor dos interesados a fin de se chegar a un acordo amigábel do caso, inspirando-se para iso no respecto dos dereitos humanos tal como os recoñecen o Convénio e os seus protocolos.

2. O procedemento a que se refere o parágrafo 1.b) será confidencial.

ARTIGO 39. CONCLUSIÓN DUN ACORDO AMIGÁVEL

No caso de acordo amigábel, o Tribunal cancelará o asunto do rexistro de entrada mediante unha resolución que se limitará a unha breve exposición dos feitos e da solución doptada.

ARTIGO 40. VISTA PÚBLICA E ACESO AOS DOCUMENTOS

1. A vista será pública, a menos que o Tribunal decidir outra cousa por circunstancias excepcionais.
2. Os documentos depositados na Secretaria serán accesíbeis ao público, a menos que o Presidente decidir doutro modo.

ARTIGO 41. ACORDO EQUITATIVO

Se o Tribunal declarar que houvo violación do Convénio ou dos seus Protocolos e se o dereito interno da Alta Parte Contratante só permite de maneira imperfecta reparar as consecuencias desas violación, o Tribunal concederá à parte prexudicada, se así proceder, unha satisfacción equitativa.

ARTIGO 42. SENTENZAS DAS SALAS

As sentenzas das Salas serán definitivas, en conformidade con o disposto no Artigo 44, Parágrafo 2.

ARTIGO 43. REMISIÓN PERANTE A GRANDE SALA

1. No prazo de tres meses a partir da data da sentenza dunha Sala, calquer parte no asunto poderá solicitar, en casos excepcionais, a remisión do asunto perante a Grande Sala.

2. Un coléxio de cinco xuíces da Grande Sala aceptará a demanda se o asunto suscitar unha cuestión grave relativa à interpretación ou à aplicación do Convénio ou dos seus Protocolos ou unha cuestión grave de carácter xeral.
3. Se o coléxio acepta a demanda, a Grande Sala pronunciará-se acerca do asunto mediante sentenza.

ARTIGO 44. SENTENZAS DEFINITIVAS

1. A sentenza da Grande Sala será definitiva.
2. A sentenza dunha Sala será definitiva cando:
 - a) As partes declararen que non solicitarán a remisión do asunto à Grande Sala;
 - b) Non tiver sido solicitada a remisión do asunto à Grande Sala tres meses despois da data da sentenza, ou
 - c) O coléxio da Grande Sala recusar a demanda de remisión formulada en aplicación do artigo 43.
3. A sentenza definitiva será feita pública.

ARTIGO 45. MOTIVACIÓN DAS SENTENZAS E DAS RESOLUCIÓNS

4. As sentenzas, así como as resolucións, que declararen admisíbeis ou non admisíbeis as demandas, serán motivadas.
5. Se a sentenza non expresar en todo ou en parte a opinión unánime dos Xuíces, calquer xuíz terá o dereito de xuntar a ela a súa opinión por separado.

ARTIGO 46. FORZA OBRIGATORIA E EXECUCIÓN DAS SENTENZAS

1. As Altas Partes Contratantes comprometen-se a acatar as sentenzas definitivas do Tribunal nos litixios en que foren parte.
2. A sentenza definitiva do Tribunal será transmitida ao Comité de Ministros, que velará pola súa execución.

ARTIGO 47. OPINIÓNS CONSULTIVAS

- a) O Tribunal poderá emitir opinións consultivas, a solicitude do Comité de Ministros, acerca de cuestións xurídicas relativas à interpretación do Convénio e dos seus Protocolos.
- b) Estas opinións non poderán referir-se nen às cuestións que guarden relación con o contido ou a extensión dos dereitos e liberdades definidos no

Título 1 do Convénio e os seus Protocolos, nen as outras cuestións de que o Tribunal ou o Comité de Ministros puideren coñecer através da presentación dun recurso previsto polo Convénio.

- c) **A resolución do Comité de Ministros de solicitar unha opinión ao Tribunal será adoptada por voto maioritario dos representantes que tiveren dereito de intervir no Comité.**

ARTIGO 48. COMPETENCIA CONSULTIVA DO TRIBUNAL

O Tribunal resolverá se a solicitude de opinión consultiva apresentada polo Comité de Ministros é da súa competencia, tal como a define o Artigo 47.

ARTIGO 49. MOTIVACIÓN DAS OPINIÓNS CONSULTIVAS

- 1. A opinión do Tribunal estará motivada.**
- 2. Se a opinión no expresar en todo ou en parte a opinión unánime dos xuíces, calquer xuíz terá o dereito de xuntar a elas a súa opinión por separado.**
- 3. A opinión do Tribunal será comunicada ao Comité de Ministros.**

ARTIGO 50. DESPESAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL

As despesas de funcionamento do Tribunal correrán por conta do Consello de Europa.

ARTIGO 51. PRIVILÉXIOS E IMUNIDADES DOS XUICES

Os Xuíces gozarán, durante o exercicio das súas funcións, dos privilexios e inmunidades previstos no Artigo 40 do Estatuto do Consello de Europa e nos acordos concluídos en virtude dese artigo.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN DIVERSAS

ARTIGO 52. INDAGACIÓN DO SECRETARIO XERAL

A requerimento do Secretario Xeral do Consello de Europa, toda Alta Parte Contratante fornecerá as explicacións pertinentes sobre a maneira en que o seu dereito interno garante a aplicación efectiva de caisquer disposicións deste Convénio.

ARTIGO 53. PROTECCIÓN DOS DIREITOS HUMANOS RECOÑECIDOS

Nengunha das disposicións do presente Convénio será interpretada no sentido de limitar ou prexudicar aqueles dereitos humanos e liberdades fundamentais que puideren ser recoñecidos conforme às leis de calquer Alta Parte Contratante ou en calquer outro Convénio en que esta for parte.

ARTIGO 54. PODERES DO COMITÉ DE MINISTROS

Nengunha das disposicións do presente Convénio prexulgará os poderes conferidos ao Comité de Ministros polo Estatuto do Consello de Europa.

ARTIGO 55. RENÚNCIA A OUTROS MODOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVÉRSIA

As Altas Partes Contratantes renuncian reciprocamente, afora compromiso especial, a se prevaleren dos tratados, convénios ou declaracións que existiren entre elas, a fin de submeteren, por via de demanda, unha diferenza surxida da interpretación ou da aplicación do presente Convénio a un procedimientto de solución diferente dos previstos no presente Convénio.

ARTIGO 56. APLICACIÓN TERRITORIAL

1. Calquer Estado pode, no momento da ratificación ou con posterioridade a ela, en notificación dirixida ao Secretário Xeral do Consello de Europa, que o presente Convénio se aplicará, sen prexuízo do disposto no parágrafo 4 do presente artigo, a todos os territorios ou a algúns dos territorios de cuxas relacións internacionais é responsábel.
2. O Convénio aplicará-se ao territorio ou territorios designados na notificacións a partir do trixésimo día seguinte à data en que o Secretário Xeral do Consello de Europa tiver recibido esta notificación.
3. Nos mencionados territorios, as disposicións do presente Convénio aplicarán-se tendo en conta as necesidades locais.
4. O Estado que tiver feito unha declaración de conformidade con o primeiro parágrafo deste artigo poderá, en calquer momento posterior, declarar que acepta a respecto dun ou de varios dos territorios en cuestión a competencia do Tribunal para coñecer das demandas de persoas físicas, de organizacións non governamentais ou de grupos de particulares, tal como se prevé no Artigo 34 do Convénio.

ARTIGO 57. RESERVAS

- 1. Todo Estado poderá formular, no momento da asinatura do presente convénio ou do depósito do seu instrumento de ratificación, unha reserva a propósito dunha disposición particular do Convénio na medida en que unha Lei en vigor no seu territorio estiver en desacordo con esa disposición. Este artigo non autoriza as reservas de carácter xeral.**
- 2. Toda reserva formulada en conformidade con o presente artigo irá acompañada dunha breve exposición da Lei en cuestión.**

ARTIGO 58. DENÚNCIA

- 1. Unha Alta Parte Contratante só poderá denunciar o presente Convénio ao termo dun prazo de cinco anos a partir da data de entrada en vigor do Convénio para esa Parte, e mediante un pre-aviso de seis meses dado nunha notificación dirixida ao Secretário Xeral do Consello de Europa, quen informará as restantes Partes Contratantes.**
- 2. Esta denuncia non poderá ter por efecto desvincular a Alta Parte Contratante interesada das obrigacións contidas no presente Convénio no que se refere a todo feito que, podendo constituir violación destas obrigacións, tiver sido realizado por esa Parte con anterioridade à data en que a denuncia producir efecto.**
- 3. Sob a mesma reserva, deixará de ser parte no presente Convénio toda Alta Parte Contratante que deixar de ser membro do Consello de Europa.**
- 4. O Convénio poderá ser denunciado de acordo con o previsto nos parágrafos precedentes a respecto de calquer territorio en que tiver sido declarado aplicável nos termos do Artigo 56.**

ARTIGO 59. ASINATURA E RATIFICACIÓN

- 1. O Presente Convénio está aberto à asinatura dos membros do Consello de Europa. Será ratificado. As ratificacións serán depositadas perante o Secretário Xeral do Consello de Europa.**
- 2. O presente Convénio entrará en vigor despois do depósito de dez instrumentos de ratificación.**
- 3. Para todo signatário que o ratificar ulteriormente, o Convénio entrará en vigor desde o momento do depósito do instrumento de ratificación.**
- 4. O Secretário Xeral do Consello de Europa notificará a todos os membros do Consello de Europa a entrada en vigor do Convénio, os nomes das Altas Partes Contratantes que o teñan ratificado, así como o depósito de todo instrumento de ratificación que se efectue posteriormente.**

5. Feito en Roma, o 4 de Novembro de 1950, en francés e inglés, sendo ambos os textos igualmente auténticos, nun único exemplar que se depositará nos arquivos do Consello de Europa. O Secretario Xeral remeterá cópias certificadas a todos os signatarios.
-

PROTOCOLO ADICIONAL AO CONVÉNIO PARA A PROTECCIÓN DOS DIREITOS HUMANOS E AS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

Paris, 20 de Marzo de 1952

Os Governos signatarios, membros do Consello de Europa,

Resolvidos a tomaren medidas adecuadas para asegurar a garantía colectiva de dereitos e liberdades diferentes dos que xa figuran no Título 1 do Convénio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, asinado en Roma o 4 de Novembro de 1950 (denominado doravante “Convénio”),

Acordaron no seguinte:

ARTIGO 1. PROTECCIÓN DA PROPIEDADADE

Toda persoa física ou moral ten dereito ao respecto dos seus bens. Ninguén poderá ser privado da súa propiedade mais que por causa de utilidade pública e nas condicións previstas por Lei e os principios xerais do dereito internacional.

As disposicións precedentes entenden-se sen prexuízo do dereito que teñen os Estados de pór en vigor as Leis que xulguen necesarias para a regulamentación do uso dos bens de acordo con o interese xeral ou para garantir o pagamento dos impostos ou outras contribucións ou das multas.

ARTIGO 2. DIREITO À INSTRUCCIÓN

A ninguén se pode negar o dereito à instrución. O Estado, no exercicio das funcións que asuma no campo da educación e do ensino, respetará o dereito dos pais a garantiren esta educación e este ensino conforme às súas conviccións relixiosas e filosóficas.

ARTIGO 3. DIREITO A ELEIÇÕES LIBRES

As Altas Partes Contratantes comprometen-se a organizar, a intervalos razoáveis, eleccións libres con escrutinio secreto, en condicións que garantan a libre expresión da opinión do povo na elección do corpo lexislativo.

ARTIGO 4. APLICACIÓN TERRITORIAL

Toda Alta Parte Contratante pode, no momento da asinatura ou da ratificación do presente Protocolo ou en calquer momento posterior, apresentar ao Secretário Xeral do Consello de Europa unha declaración que indique a medida en que se compromete a que as disposicións do presente Protocolo se apliquen aos territorios que se designen nesa declaración e de cuxas relacións internacionais é responsábel.

Toda Alta Parte Contratante que presentase unha declaración en virtude do parágrafo anterior pode, periodicamente, presentar unha nova declaración que modifique os termos de calquer declaración anterior ou poña fin à aplicación do presente Protocolo nun territorio calquer.

Unha declaración formulada conforme ao presente Artigo será considerada como se tivese sido feita conforme ao parágrafo 1 do Artigo 56 do Convénio.

ARTIGO 5. RELACIÓNS CON O CONVÉNIO

As Altas Partes Contratantes consideran os Artigos 1, 2, 3 e 4 do presente Protocolo como artigos adicionais ao Convénio, e todas as disposicións do Convénio serán aplicadas en consecuencia.

ARTIGO 6. ASINATURA E RATIFICACIÓN

O presente Protocolo está aberto à asinatura dos membros do Consello de Europa, asinantes do Convénio; será ratificado ao mesmo tempo que o Convénio ou despois da ratificación deste. Entrará en vigor despois do depósito de dez instrumentos de ratificación. Para todo asinante que o ratificar ulteriormente, o Protocolo entrará en vigor desde o momento do depósito do instrumento de ratificación.

Os instrumentos de ratificación serán depositados perante o Secretário Xeral do Consello de Europa, quen notificará a todos os membros os nomes daqueles que o tiveren ratificado.

Feito en Paris o 20 de Marzo de 1952, en francés e inglés, sendo ambos os textos igualmente auténticos, nun único exemplar, que será depositado nos arquivos do Consello de Europa. O Secretário Xeral remeterá cópias certificadas a cada un dos Gobiernos asinantes.

PROTOCOLO NÚMERO 4 AO CONVÉNIO EUROPEU PARA A SALVAGUARDA DOS DIREITOS HUMANOS E AS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

Os Governos asinantes, membros do Consello de Europa,

Resolvidos a tomaren as medidas apropiadas para asegurar a garantía colectiva de dereitos e liberdades diferentes dos que xa figuran no título I do Convénio para a Salvaguarda dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, asinado en Roma o 4 de Novembro de 1950 (doravante “o Convénio”), e nos artigos 1 a 3 do primeiro Protocolo adicional ao Convénio, asinado en París o 20 de Marzo de 1952;

Acordan no seguinte:

ARTIGO 1. PROIBICIÓN DE PRISIÓN POR DÉVIDAS

Ninguén pode ser privado da súa liberdade pola única razón de non poder executar unha obrigaón contractual.

ARTIGO 2. LIBERDADE DE CIRCULACIÓN

Toda persoa que se encontrar en situación regular sobre o territorio dun Estado ten dereito a circular libremente por el e a escoller libremente a súa residencia.

Todas as persoas son libres de abandonar un país calquer, incluído o seu.

O exercicio destes dereitos non pode ser obxecto de máis restricións que as que, previstas na lei, constituíren medidas necesarias nunha sociedade democrática, para a seguranza nacional, a seguranza pública, o mantimento da orde pública, a prevención de infraccións penais, a protección da saúde ou da moral ou a salvaguarda dos dereitos e liberdades dun terceiro.

Os dereitos recoñecidos no parágrafo 1 poden igualmente, en determinadas zonas, ser obxecto de restricións previstas por lei e que estiveren xustificadas polo interese público nunha sociedade democrática.

ARTIGO 3. PROIBICIÓN DA EXPULSIÓN DOS NACIONAIS

1. Ninguén pode ser expulsado, en virtude dunha medida individual ou colectiva, do territorio do Estado de que for cidadán.
2. Ninguén pode ver-se privado do dereito de entrar no territorio do Estado de que for cidadán.

ARTIGO 4. PROIBICIÓN DAS EXPULSIÓNS COLECTIVAS DE ESTRANXEIROS

Fican prohibidas as expulsións colectivas de estranxeiros.

ARTIGO 5. APLICACIÓN TERRITORIAL

1. Toda Alta Parte Contratante pode, no momento da asinatura ou da ratificación do presente Protocolo ou en calquer outro momento posterior, comunicar ao Secretário Xeral do Consello de Europa unha declaración indicando en que medida se compromete a aplicar as disposicións do presente Protocolo nos territorios que se designaren nesa declaración e dos cais ela asegura as relacións internacionais.
2. Toda Alta Parte Contratante que tiver comunicado unha declaración en virtude do parágrafo precedente pode, en calquer momento, comunicar unha nova declaración modificando os termos de toda declaración anterior ou pondo fin à aplicación das disposicións do presente Protocolo en calquer territorio
3. Unha declaración feita conforme ao presente artigo considerará-se como feita en conformidade con o parágrafo 1 do artigo 56 do Convénio.
4. O territorio de todo Estado ao cal o presente Protocolo se aplicar en virtude de ratificación ou da súa aceptación por ese Estado, e cada un dos territorios aos cais o Protocolo se aplicar en virtude dunha declaración subscrita por ese Estado en conformidade con o presente artigo, considerarán-se como territorios diferentes aos efectos das referencias ao territorio dun Estado contidas nos artigos 2 e 3.
5. Todo Estado que tiver feito unha declaración en conformidade con os parágrafos 1 ou 2 do presente artigo poderá, en calquer momento posterior, declarar que acepta, a respecto de un ou varios territorios contemplados nesa declaración, a competencia do Tribunal para coñecer das demandas de persoas físicas, de

organizacións non governamentais ou de grupos de particulares conforme ao artigo 34 do Convénio, en virtude dos artigos 1 a 4 do presente Protocolo ou de algúns deles.

ARTIGO 6. RELACIONES CON O CONVÉNIO

As Altas Partes Contratantes consideran os artigos 1 a 5 do presente Protocolo como artigos adicionais ao Convénio e, portanto, han de ser aplicadas todas as disposicións do Convénio.

ARTIGO 7. ASINATURA E RATIFICACIÓN

O presente Protocolo está aberto à asinatura dos Membros do Consello de Europa, asinantes do Convénio; será ratificado ao mesmo tempo que o Convénio ou despois da ratificación deste último. Entrará en vigor así que se depositaren cinco instrumentos de ratificación. Para todo asinante que o ratificar posteriormente, o Protocolo entrará en vigor no momento do depósito do seu instrumento de ratificación.

O Secretário Xeral do Consello de Europa será competente para recibir o depósito dos instrumentos de ratificación e notificará a todos os Membros os nomes daqueles que o tiveren ratificado.

En fé do cal, os abaixo asinantes, devidamente autorizados para iso, asinaron o presente Protocolo.

Feito en Estrasburgo, o 16 de Setembro de 1963, en francés e inglés, facendo igualmente fé os dous textos, nun único exemplar, que será depositado nos arquivos do Consello de Europa. O Secretário Xeral comunicará cópia certificada a cada un dos asinantes.

PROTOCOLO NÚMERO 6 AO CONVÉNIO PARA A PROTECCIÓN DOS DIREITOS HUMANOS E DAS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

RELATIVO À ABOLICIÓN DA PENA DE MORTE

Estrasburgo, 28 de Abril de 1983.

Os Estados membros do Consello de Europa, asinantes do presente Protocolo ao Convénio para a protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, asinado en Roma o 4 de Novembro de 1950 (doravante denominado “o Convénio”).

Considerando que os desenvolvementos acontecidos en varios Estados membros do Consello de Europa expresan unha tendencia xeral en favor da abolición da pena de morte,

Acordan no seguinte:

ARTIGO 1. ABOLICIÓN DA PENA DE MORTE

Fica abolida a pena de morte. Ninguén poderá ser condenado a tal pena nen executado.

ARTIGO 2. PENA DE MORTE EN TEMPO DE GUERRA

Un Estado poderá prever na súa lexislación a pena de morte por actos cometidos en tempo de guerra ou de perigo iminente de guerra; esta pena aplicará-se unicamente nos casos previstos por esa lexislación e en conformidade con o disposto na mesma.

Este Estado comunicará ao Secretário Xeral do Consello de Europa as correspondentes disposicións da lexislación de que se tratar.

ARTIGO 3. PROIBICIÓN DE DERROGACIÓNS

Non se autorizará excepción algunha às disposicións do presente Protocolo invocando o Artigo 15 do convénio.

ARTIGO 4. PROIBICIÓN DE RESERVAS.

Non se aceptará reserva algunha às disposicións do presente Protocolo en virtude do Artigo 57 do Convénio.

ARTIGO 5. APLICACIÓN TERRITORIAL

Calquer Estado, no momento da asinatura ou do depósito do seu instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación, poderá designar o ou os territorios en que aplicará o presente Protocolo.

Calquer Estado poderá –en calquer outro momento posterior e mediante unha declaración dirixida ao Secretário Xeral do Consello de Europa- alargar a aplicación

do presente Protocolo a calquer outro territorio designado na declaración. O Protocolo entrará en vigor, a respecto dese territorio, o día primeiro do mes seguinte à data de recepción da declaración polo Secretario Xeral.

Calquer declaración feita en virtude dos dous parágrafos anteriores poderá ser retirada, no que di respecto a calquer territorio designado nesa declaración, mediante notificación dirixida ao Secretario Xeral. A retirada terá efecto o día 1º do mes seguinte à data de recepción da notificación polo Secretario Xeral.

ARTIGO 6. RELACIÓNS CON O CONVÉNIO

Os Estados Partes consideran os Artigos 1 a 5 do presente Protocolo como artigos adicionais ao Convénio e serán aplicadas consecuentemente todas as disposicións do Convénio.

ARTIGO 7. ASINATURA E RATIFICACIÓN

O presente Protocolo fica aberto à asinatura dos Estados membros do Consello de Europa asinantes do Convénio. Será obxecto de ratificación, aceptación ou aprobación. Un Estado membro do Consello de Europa non poderá ratificar, aceptar ou aprobar o presente Protocolo sen ter ratificado o Convénio simultánea ou anteriormente. Os instrumentos de ratificación, aceptación ou aprobación serán depositados en poder do Secretario Xeral do Consello de Europa.

ARTIGO 8. ENTRADA EN VIGOR

O presente Protocolo entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte à data en que cinco Estados membros do Consello de Europa tiveren manifestado o seu consentimento en ficaren vinculados polo Protocolo en conformidade con as disposicións do Artigo 7.

Para calquer Estado membro que manifestar posteriormente o seu consentimento de ficar vinculado polo Protocolo, este entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte à data do depósito do instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.

ARTIGO 9. FUNCIONES DO DEPOSITARIO

O Secretario Xeral do Consello de Europa notificará aos Estados membros do Consello:

- a) Calquer asinatura;**
- b) O depósito de calquer instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.**
- c) Calquer data de entrada en vigor do presente Protocolo en conformidade con os seus Artigos 5 e 8.**
- d) Calquer outro acto, notificación ou comunicación referente ao presente Protocolo.**



En fé do cal os infrascritos, devidamente autorizados ao feito, asinan o presente Protocolo.

Feito en Estrasburgo, o 28 de Abril de 1983, en francés e en inglés, os dous textos igualmente auténticos, nun único exemplar que ficará depositado nos arquivos do Consello de Europa. O Secretário Xeral do Consello de Europa remeterá unha cópia do mesmo certificada conforme a cada un dos Estados membros do Consello de Europa.

PROTOCOLO NÚMERO 7 AO CONVÉNIO EUROPEU PARA A SALVAGUARDA DOS DIREITOS HUMANOS E AS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

Os Estados Membros do Consello de Europa, asinantes do presente Protocolo;

Resolvidos a adoptaren novas medidas tendentes a asegurar a garantía colectiva de determinados dereitos e liberdades mediante o Convénio de Salvaguarda dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, asinado en Roma o 4 de Novembro de 1950 (doravante "o Convénio");

Acordan no seguinte:

ARTIGO 1. GARANTIAS DE PROCEDIMENTO EN CASO DE EXPULSIÓN DE ESTRANXEIROS

Nenguna persoa estranxeira que residir legalmente no territorio dun estado poderá ser expulsada do mesmo a non ser no caso de execución dunha decisión adoptada conforme à lei e deve poder:

Facer valer as razóns que existiren contra a súa expulsión;

Facer que o seu caso sexa revisado;

Ser representada para estes fins perante a autoridade competente o perante a persoa ou persoas designadas por esa autoridade.

Calquer persoa estranxeira pode ser expulsada sen ter podido exercer os dereitos enunciados no apartado 1, a), b) e c) deste artigo cando esa expulsión for necesaria en interese da orde pública ou estiver fundada en motivos de seguranza nacional.

ARTIGO 2. DIREITO A UN DOBRE GRAU DE XURISDICIÓN EN MATÉRIA PENAL

Toda persoa declarada culpábel dunha infracción penal por un tribunal ten dereito a que a declaración de culpabilidade ou a condena sexan examinadas por un tribunal superior. O exercicio deste dereito, que incluí os motivos polos que pode ser exercitado, serán regulados por lei.

Este dereito pode estar suxeito a excepcións respecto ás infraccións de carácter menor definidas por lei, así como nos casos en que a persoa interesada tiver sido xulgada en primeira instancia por un tribunal superior ou tiver sido declarada culpábel e condenada despois dun recurso contra a súa absolución.

ARTIGO 3. DIREITO A INDENIZACIÓN EN CASO DE ERRO XUDICIAL

Cando unha condena penal firme for posteriormente anulada ou for acordada unha medida de graza en base a que un feito novo ou revelado posteriormente prove que se produciu erro xudicial, a persoa que sufriu unha pena en razón desta condena deberá ser indenizada, conforme à lei ou à práctica vixente no Estado correspondente, a menos que se prove que a non revelación no momento procesualmente oportuno do feito descoñecido lle fose imputábel en todo ou en parte.

ARTIGO 4. DIREITO A NON SER XULGADO OU CASTIGADO DUAS VECES

1. Ninguén poderá ser perseguido ou condenado penalmente polos tribunais dun mesmo Estado por unha infracción pola que tivese sido absolvido ou condenado mediante sentenza firme conforme à lei e ao procedemento dese Estado.
2. As disposicións do parágrafo anterior non impeden a reabertura do proceso, conforme à lei e ao procedemento do Estado interesado, se houber evidencia de feitos novos ou revelados posteriormente ou un vicio fundamental no procedemento precedente de tal natureza que pudesen afectar a sentenza adoptada.
3. Non cabe derogación algunha deste artigo invocando o artigo 15 do Convénio.

ARTIGO 5. IGUALDADE ENTRE CÓNXUXES

Os cónxuxes gozan de igualdade de dereitos e deberes de carácter civil, entre eles e nas súas relacións con os fillos, polo que se refere ao matrimonio, durante o mesmo e en caso de disolución. O presente artigo non impede que os Estados adopten as medidas necesarias en interese dos fillos.

ARTIGO 6. APLICACIÓN TERRITORIAL

1. Toda Alta Parte Contratante pode, no momento da asinatura ou no do depósito do seu instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación, designar o territorio ou territorios aos que se aplicará o presente Protocolo, indicando a medida en que estas disposicións se aplicarán ao territorio ou territorios.
2. Todo Estado pode en calquer momento posterior, mediante declaración dirixida ao Secretario Xeral do Consello de Europa, estender a aplicación deste Protocolo a calquer outro territorio designado na declaración. O Protocolo entrará en vigor, no que a este territorio di respecto, o primeiro día do mes seguinte ao transcurso dun termo de dous meses posteriores à data de recepción da declaración polo Secretario Xeral.
3. Calquer declaración feita en virtude dos dous parágrafos anteriores poderá ser retirada ou modificada, no que respeita a calquer territorio designado nesa declaración, mediante notificación dirixida ao Secretario Xeral. A retirada terá efecto o día primeiro do mes seguinte à data de recepción da notificación polo Secretario Xeral.
4. Toda declaración feita conforme ao presente artigo considerará-se como feita en conformidade con o parágrafo 1 do artigo 56 do Convénio.
5. O territorio de todo Estado ao que se aplique o presente Protocolo en virtude de ratificación, aceptación ou aprobación polo mesmo e cada un dos territorios aos que se aplique o Protocolo en virtude dunha declaración subsrita por ese Estado en conformidade con o presente artigo, considerarán-se como territorios diferentes a efectos da referencia ao territorio dun Estado feita polo artigo 1.

6. Todo Estado que tiver feito unha declaración en conformidade con os parágrafos 1 ou 2 do presente artigo poderá, en calquer momento posterior, declarar que acepta, respecto dun ou de varios territorios contemplados nesa declaración, a competencia do Tribunal para coñecer das demandas de persoas físicas, de organizacións non governamentais ou de grupos de particulares conforme ao artigo 34 do Convénio, en virtude dos artigos 1 a 5 do presente Protocolo.

ARTIGO 7. RELACIÓNS CON O CONVÉNIO

Os Estados Parte considerarán os artigos 1 a 6 do presente Protocolo como artigos adicionais ao Convénio e, en consecuencia, aplicarán-se todas as disposicións do Convénio.

ARTIGO 8. ASINATURA E RATIFICACIÓN

O presente Protocolo está aberto à asinatura dos Membros do Consello de Europa, asinantes do Convénio. Será submetido a ratificación, aceptación ou aprobación. Nengun Estado Membro do Consello de Europa poderá ratificar, aceptar ou aprobar o presente Protocolo sen ter simultánea ou anteriormente ratificado o Convénio. Os instrumentos de ratificación, aceptación ou aprobación serán depositados perante o Secretário Xeral do Consello de Europa.

ARTIGO 9. ENTRADA EN VIGOR

O presente Protocolo entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte à expiración dun termo de dous meses seguintes à data en que sete Estados tiveren manifestado o seu consentimento en ficar vinculados polo Protocolo conforme às disposicións do artigo.

Para calquer Estado Membro que manifestar posteriormente o seu consentimento en ficar obrigado polo Protocolo, este entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte à expiración dun termo de dous meses desde a data do depósito do instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.

ARTIGO 10. FUNCIÓNS DO DEPOSITÁRIO

O Secretário Xeral do Consello de Europa notificará aos Estados membros do Consello:

- a. A asinatura;
- b. O depósito de calquer instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación;
- c. A data de entrada en vigor do presente Protocolo en conformidade con os seus artigos 6 e 9,
- d. Calquer outro acto, notificación ou declaración referente ao presente Protocolo.

En fé do cal, os abaixo asinantes, devidamente autorizados para iso, asinaron o presente Protocolo.

Feito en Estrasburgo, o 22 de Novembro de 1984, en francés e inglés, os dous textos igualmente auténticos, nun único exemplar, que será depositado nos arquivos do Consello de Europa. O Secretário Xeral comunicará cópia certificada a cada un dos Estados Membros do Consello de Europa.

PROTOCOLO Nº 13 AO CONVÉNIO EN SALVAGUARDA DOS DIREITOS HUMANOS E AS LIBERDADES FUNDAMENTAIS, RELATIVO À ABOLICIÓN DA PENA DE MORTE EN CALQUER CIRCUNSTÁNCIA

Os Estados membros do Consello de Europa, asinantes do presente Protocolo,;

Convencidos de que o dereito de todas as persoas à vida é un valor fundamental nunha sociedade democrática e que a abolición da pena de morte é esencial à protección dese dereito e ao pleno recoñecimento da dignidade inerente a todos os seres humanos;

Desexando reforzar a protección do dereito à vida garantido polo Convénio en Salvaguarda dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais asinado en Roma o 4 de Novembro de 1950 (doravante “o Convénio”);

Constatando que o Protocolo nº 6 do Convénio relativo à abolicion da pena de morte, asinado en Estrasburgo o 28 de Abril de 1983, non exclui a pena de morte para os actos cometidos en tempo de guerra ou de perigo iminente de guerra;

Resolvidos a dar todos os pasos necesarios para abolir a pena de morte en calquer circunstancia,

Acordan no seguinte:

ARTIGO 1. ABOLICIÓN DA PENA DE MORTE

A pena de morte fica abolida. Ninguén poderá ser condenado a esta pena nen ser executado.

ARTIGO 1. PROIBICIÓN DE DERROGACIONES

Non se autoriza nenguna derogación das disposicións do presente Protocolo ao amparo do artigo 15 do Convénio.

ARTIGO 3. PROIBICIÓN DE RESERVAS

Non se admite nengunha reserva às disposicións do presente Protocolo ao amparo do artigo 57 do Convénio.

ARTIGO 4. APLICACIÓN TERRITORIAL

Todos os Estados poden, no momento da asinatura ou do depósito do seu instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación, designar o ou os territorios en que se aplicará o presente Protocolo.

Todos os Estados poden, en calquer momento, mediante declaración dirixida ao Secretario Xeral do Consello de Europa, estender a aplicación do presente Protocolo a calquer outro territorio designado na declaración. O Protocolo entrará en vigor nese territorio o primeiro día do mes seguinte à expiración de un período de tres meses a partir da data de recepción da declaración polo Secretario Xeral.

Todas as declaracións feitas en virtude do indicado nos parágrafos precedentes poderán ser retiradas ou modificadas, naquilo que ao territorio designado nesa declaración diga respecto, por notificación dirixida ao Secretario Xeral. A retirada ou a modificación terá efecto o primeiro día do mes seguinte à expiración dun período de tres meses a partir da data de recepción da notificación polo Secretario Xeral.

ARTIGO 5. RELACIONES CON O CONVÉNIO

Os Estados Parte consideran os artigos 1 a 4 do presente Protocolo como artigos adicionais ao Convénio, e, por consecuencia, aplicarán-se todas as disposicións do Convénio.

ARTIGO 6. ASINATURA E RATIFICACIÓN

O presente Protocolo está aberto à asinatura dos Estados membros do Consello de Europa asinantes do Convénio. Será submetido a ratificación, aceptación ou aprobación. Nengun Estado membro do Consello de Europa poderá ratificar, aceptar ou aprovar o presente Protocolo sen ter simultánea ou anteriormente ratificado o Convénio. Os instrumentos de ratificación, aceptación ou aprobación serán depositados perante o Secretário Xeral do Consello de Europa.

ARTIGO 7. ENTRADA EN VIGOR

O presente Protocolo entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte à expiración de un período de tres meses a partir da data en que dez Estados membros do Consello de Europa tiveren expresado o seu consentimento a ficar vinculados ao presente Protocolo en conformidade con o disposto no artigo 6.

Para calquer Estado membro que manifestar posteriormente o seu consentimento a ficar vinculado ao presente Protocolo, este entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte à expiración de un período de tres meses a partir da data do depósito do instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.

ARTIGO 8. FUNCIÓN DO DEPOSITÁRIO

O Secretário Xeral do Consello de Europa notificará a todos os Estados membros do Consello de Europa:

- a. As asinaturas;
- b. O depósito de calquer instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación;
- c. A data de entrada en vigor do presente Protocolo en conformidade con os artigos 4 et 7;
- d. Calquer outro acto, notificación ou comunicación, referente ao presente Protocolo.

En fé do cal, os abaixo asinantes, devidamente autorizados para iso, asinaron o presente Protocolo.

Feito en Vilna, o 3 de Maio de 2002, en francés e inglés, os dous textos igualmente auténticos, nun único exemplar, que será depositado nos arquivos do Consello de Europa. O Secretário Xeral comunicará cópia certificada a cada un dos Estados Membros do Consello de Europa.